

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👉 Básico 👉👉 Medio 👉👉👉 Avanzado



XUNTA
DE GALICIA

Nivel 👉👉



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-OF-Óptica/Fotónica
Cianotipia II

Actividades elaboradas coa colaboración de

aimen
CENTRO TECNOLÓGICO

Cianotipia II

Achega

- ▶ Papel de cianotipia (ten coidado porque este papel debe manexarse sempre en penumbra e nunca exposto á luz solar).
- ▶ Un plástico transparente duro como unha funda, a cuberta dunha encadernación, etc.
- ▶ Un rotulador permanente negro.

Observa

- ▶ Cantos tipos de azul coñeces? Azul ceo, azul ciano, azul mariño...? A cor azul ten unha historia apaixonante. Durante moitos anos foi moi difícil e caro conseguir un pigmento azul que se mantivese estable. Adoitaba facerse moendo unha pedra chamada lapislázuli que só pode conseguirse en Afganistán. Por iso, pintar cadros de azul podía ser máis caro que pintalos de ouro.
- ▶ Os exipcios utilizaban o po doutro mineral tamén escaso chamado azurita para fabricar o seu pigmento "**Hsbd iryt**". Tamén realizaban unha cerámica moi especial e característica da cultura faraónica chamada "**fayenza**" que tiña como base da súa cor azul o estaño.
- ▶ O azul que se obtén no proceso de cianotipia, cando a enerxía da luz solar afecta os pigmentos cos que impregnamos os papeis, chámase **azul de Prusia** ou **Berliner blau**, porque esta cor foi declarada a oficial do uniforme do exército prusiano.

Prototipa

- ▶ Os planos de proxecto en inglés chámanse **blueprints** porque se copiaban mediante este método. Imaxina que es un arquitecto ou enxeñeiro de tempos pasados e precisas facer varias copias do plano/esquema que acabas de debuxar coidadosamente.
- ▶ Calca o teu esquema empregando a lámina transparente e o rotulador negro, asegurándote de poñer moito coidado no trazo. Utilizando os coñecementos da actividade Cianotipia I, realiza unha fotocopia solar.

Indaga

- ▶ Que outros usos podes argallar para a cianotipia?
- ▶ Ocorrésese algún uso industrial ou artístico?
- ▶ Hai unha técnica de estampado fotográfico chamada **antotipia** que utiliza pigmentos naturais como zumes de froitas, pétalos de plantas, extractos vexetais, etc. Fíxate na imaxe como aparecen outras cores debido aos pigmentos vexetais; neste caso é unha antotipia de tomate. Indaga sobre ela e fai algún experimento con cousas accesibles na túa cociña.



Sigue o código QR do reverso para máis información.
Emprega o acceso de convidados.